

## EN QUE EIDOS BUSCA INNOVAR O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE?

### Terapias avanzadas

Búscase a incorporación ao sistema público de saúde de novas terapias que posúen o potencial de adaptar o tratamento coa mellor resposta e a maior marxe de seguridade para garantir un mellor coidado do doente tendo en conta as súas características individuais e patoloxía

**200.255,00 €** AI

Dispositivo multicanle para a resección avanzada de tumores rectais mediante endoscopia flexible e cirurxía endoscópica transanal

Procedemento: Asociación para a innovación ▲

**499.998,62 €** AI

Test multimarcador que permita a caracterización molecular de tumores de doentes con cancro de pulmón non microcítico mediante secuenciación masiva de nova xeración

Procedemento: Asociación para a innovación ○

**600.000,00 €** CPTI

Desenvolvemento e fase de demostración dun sistema de axuda á detección de diversas patoloxías (CADIA) baseado na análise de imaxe con técnicas de intelixencia artificial

Procedemento: Diálogo competitivo ○

**1.250.000,00 €** CPP

CPP Lote 1 Biopsia Líquida: Solucións para detectar material tumoral en fluídos biolóxicos en estadios temperáns, detección de enfermidade mínima residual, prognóstico, selección de terapias, monitoraxe da enfermidade e a resposta ao tratamento de distintos tipos de cancro

Procedemento: Contratación precomercial ○

**500.000,00 €** CPP

CPP Lote 2 Enfermidades neurolóxicas: Biomarcadores diagnósticos en enfermidades neurolóxicas

Procedemento: Contratación precomercial ○

**500.000,00 €** CPP

CPP Lote 3 Enfermidades reumatolóxicas: Biomarcadores diagnósticos en enfermidades reumatolóxicas

Procedemento: Contratación precomercial ○

### Profesionais

Búscase a planificación estratéxica da formación e o coñecemento da organización, detectar de forma temperá o talento existente en base a competencias e a harmonización da produción científica e investigadora

**1.258.400,00 €** CPTI Adxudicado

A realización do servizo de desenvolvemento e validación dunha plataforma tecnolóxica que permita levar a cabo as actividades asociadas á xestión do coñecemento nunha organización sanitaria

Procedemento: Aberto ★

**1.808.950,00 €** CPTI Adxudicado

Desenvolvemento dun sistema de xestión de profesionais orientado á xestión por competencias que achegue innovación

Procedemento: Aberto ★

**173.000,00 €**

Realidade virtual lote 1: Deseño e desenvolvemento dunha solución virtual formativa para o recoñecemento do ictus

Procedemento: Licitación con negociación ○

**173.000,00 €**

Realidade virtual lote 2: Deseño e desenvolvemento dunha solución formativa e de adestramento virtual da respiración para a mellora na precisión nos tratamentos de radioterapia e probas de imaxe

Procedemento: Licitación con negociación ○

### Empoderamento

Búscase converter o doente nun axente fundamental para a autoxestión da súa enfermidade e a mellora dos seus propios resultados de saúde

**580.800,00 €** CPTI

Desenvolvemento e fase de demostración do sistema plataforma de historia clínica persoal (PHR) para a autoxestión da enfermidade e empoderamento de doentes

Procedemento: Licitación con negociación ◆

**484.000,00 €** CPTI

Desenvolvemento e fase de demostración dunha solución intelixente que facilite as tarefas do doente para o autocontrol da diabetes

Procedemento: Licitación con negociación ◆

**605.000,00 €** CPTI

Desenvolvemento e fase de demostración dun sistema de asistente persoal (AVATAR) e un xerador de alertas intelixentes que aumenta a autonomía do doente

Procedemento: Licitación con negociación ◆

**399.999,38 €** CPTI

Desenvolvemento dunha plataforma de homologación de apps e contidos para a autoxestión da enfermidade e empoderamento de doentes

Procedemento: Diálogo competitivo ▲

**726.000,00 €** CPTI

Desenvolvemento dunha plataforma de xestión da relación cos usuarios, sistema CRM para doentes

Procedemento: Licitación con negociación ◆

★ Adxudicado

◆ En fase de selección de candidatos

▲ En fase de diálogo

○ En proceso de licitación

▲ En fase de presentación de solicitudes de participación

Estado de pregos actualizado a 29/10/2018